



## **FUENTE PIZARRO: INTERPOSTO CONFLICTO COLECTIVO**

En decembro de 2007, tras longas negociacións, asinouse o Acordo de Homologación de Condicións Laborais de Banco Sabadell e Banco Urquijo.

As partes comprometémonos a acadar un acordo satisfactorio durante o ano 2008 sobre un dos temas que quedou pendente de peche: a repartición dos importes pendentes de pagamento aos empregados procedentes de Banco Urquijo e o seu grupo, que adquiriran o dereito a ese beneficio social polo aluguer da Residencia Fuente Pizarro desde 2003 ata abril de 2007, data na que a empresa procedeu, unilateralmente e sen aviso previo, á venda da devandita propiedade.

Unha vez retomadas as negociacións, fóronse obtendo avances significativos que auguraban un pronto acordo en torno ás cantidades e os criterios de repartición. Cando todo parecía indicar que se estaba preto do asinamento, a empresa recuou porque non aceptamos a inclusión dunha cláusula que pechaba toda posibilidade a unha reclamación futura sobre os dereitos económicos derivados da venda da propiedade, cuestión esta á que se negou a dar solución na mesma negociación.

Dada a pouca vontade da empresa por acadar un acordo satisfactorio para ambas as partes, CCOO e CGT interpuxemos un conflito colectivo, ao entendermos que é a única saída posible á que nos aboca a empresa para que se fagan efectivos os dereitos dos afectados.

Manterémosvos informados.

Novembro de 2008